

COMUNICACIÓN

FIXO O ANUNCIO O MESMO DÍA QUE RECIBIU DURAS CRÍTICAS DE VARIOS ESTAMENTOS DA CULTURA

A TVG negocia a fichaxe dunha personalidade das letras galegas

Pode ser que a TVG teña problemas de política cultural nas grellas. Pero o que está claro é que ten política de comunicación

LUCÍA L. BAYO

GALICIA

comunicacion@xornaldegalicia.com

Chegaron unhas críticas da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG), a Asociación Galega de Editorires (AGE) e a Federación de Libreiros de Galicia (FLG) e faltoulle tempo a TVG para anunciar a fichaxe dunha persoa de recoñecido prestixio no mundo das letras para conducir un programa cultural na temporada televisiva de outono.

Onte pola mañá a AELG, AGE e FLG manifestaron, a través dun comunicado conxunto, a súa "profunda preocupación" pola supresión do servizo de Cultura da Televisión de Galicia, creado en 2005. No comunicado tamén sinalaban que a suspensión do "único programa" da TVG centrado na divulgación e coñecemento da literatura galega, 'Libro Aberto', os "enche de incerteza, así como a consecuente falta de visibilización dos escritores e escritoras en lingua galega e das novidades da produción editorial que poden ser atopadas nas librerías".

As asociacións lembraron que entre as "obrigas" contraídas pola CRTVG, en aplicación do artigo 16 da Lei que regula a compañía, figu-

ra que a programación "debe estar inspirada na promoción e difusión da cultura e lingua galegas".


Ante estas manifestacións dos entes culturais galegos a Televisión de Galicia non se fixo agardar e a través dun comunicado anunciou que está a preparar a súa grella de outono, na que proxecta levar a cabo un intenso esforzo nos programas de contido educativo e cultural cara a vindeira temporada. O ente público escusa a falta de contidos culturais na programación actual en base ao proceso de transición cara á programación de verán.

A AELG, AGE e FLG lamentan a supresión do servizo de cultura da TVG

Segundo o comunicado, "o novo equipo directivo traballa xa na mellora da oferta cultural na TVG". A cadea autonómica ten como obxectivo levar os programas relacionados co mundo dos libros, a música, a lingua e a arte fóra de horarios residuais como a madrugada. Seguindo esta liña a televisión pública galega "está en negociacións cunha persoa de recoñecido prestixio no mundo das letras galegas" para que conduza un dos programas cos que se que-
re dar pulo aos contidos culturais.

DESPROTECCIÓN DA LINGUA GALEGA

Por outra banda, a Asociación de Escritores en Lingua Galega, a Aso-



Cesáreo Sánchez, presidente da AELG, no Café de Redacción

A LORENZO

ciación Galega de Editores e a Federación de Libreiros de Galicia engadiron no seu comunicado que "lamentan profundamente a celeridade e a contundencia do actual Goberno galego en executar as medidas máis involucionistas posíbeis sobre o noso idioma, arroupadas pola hostilidade, o estatismo e a inacción promovidos por outras áreas, como a Consellería de Edu-

cación, promotora da inmediata derogación do Decreto 124/07", que regula o uso do galego no ensino. Así mesmo, criticaron a decisión da Consellería de Presidencia de modificar o artigo 35 da Lei da función pública, que elimina a obriga de realizar en galego como mínimo unha proba nos procesos selectivos de acceso á Administración autonómica. ■